



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 22

TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO, ASÍ COMO AS REMOCIÓNS DE PAVIMENTOS OU BEIRRARRUAS NA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 1. *Fundamento e obxecto.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Arteixo establece a taxa por apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirrarruas na vía pública, a que se refire o artigo 20.3.f) do citado R.D. lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 58 da citado texto refundido.

ARTIGO 2. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista no lugar onde se realizan as obras.
- b) A remoción de beirrarrúas ou de pavimentos nas vías públicas.

ARTIGO 3. *Beneficios fiscais.*

Non se concederán outros beneficios fiscais que os previstos nas normas con rango de lei e nos tratados e acordos internacionais.

ARTIGO 4. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria a favor de quen se outorguen as licencias, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizara sen obter licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se fora coñecido.

ARTIGO 5. *Responsabeis.*

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da reiterada Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 6. *Base imponible.*



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

Tomarase como base impositiva o tempo de duración do aproveitamento e a dimensión do mesmo, medida en metros lineais ou cadrados, segundo se trate de gabias ou pavimentos.

ARTIGO 7. *Cota tributaria.*

TARIFAS	EUROS
1. Calicatas ou foxos, cota por metro lineal ou fracción, ó mes.....	1,08 €
2. Remoción de pavimento ou beirarrúas, cota por metro cadrado ou fracción, ó mes.....	1,08 €
3. Cando a apertura dun foxo implique, ademais, a remoción do pavimento ou beirarrúa, esixirase a cota que corresponde a ámbolos conceptos.	
4. Cando o aproveitamento se produza en rúas distintas ás de 1ª categoría, as tarifas anteriores terán un coeficiente reductor en función da categoría da rúa, ó efecto de determinar a cota tributaria:	
Categoría da rúa	
Segunda.....	0,9
Terceira	0,8
Cuarta.....	0,7
5. Tarifa mínima. Con carácter mínimo e sempre por aplicación da Presente tarifa non se alcance dito importe, esixiranse.....	21,77 €

ARTIGO 8. *Devengo.*

1. A taxa devengarase no momento de outorgarse a autorización municipal ou do inicio do aproveitamento, se se produciu sen obter a correspondente licenza. As cotas serán irreducibles polo período impositivo fixado no apartado seguinte.

2. O período impositivo coincidirá co mes natural, independentemente que a autorización fora concedida con posterioridade á data de inicio do mes natural.

ARTIGO 9. *Liquidación e ingreso.*

O interesado deberá autoliquidar o importe da taxa, segundo as tarifas establecidas no artigo 7 da presente ordenanza. Dita autoliquidación non causará dereito ningún e non faculta para realizar as obras, que só serán levadas a cabo cando se obteña a preceptiva autorización. Non se tramitará o expediente nin se permitirá a realización das obras definitivas do feito impositivo ata que se teña efectuado o pagamento da autoliquidación, agás as excepcións sinaladas no apartado 3 do artigo seguinte.

ARTIGO 10. *Normas de xestión.*

1. No momento de solicitar a realización do feito impositivo recollido na presente ordenanza, o suxeito pasivo autoliquidará o importe da taxa, requirindo o ingreso da diferenza, se resultara unha cota superior ou a devolución do exceso, se a cota resultante fora inferior. A fianza depositada non será devolta, no seu caso, ata que se comprobe o total cumprimento das obrigas do interesado.

2. Se non se determinara con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

Entenderanse caducadas as licencias se, despois de concedidas, transcorren 30 días sen ter comezadas a obras. Unha vez iniciadas estas, deberán seguir sen interrupción.

3. Cando se trate de obras que deban ser executadas inmediatamente, polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc), poderán iniciarse as obras sen ter a autorización municipal, coa obriga de solicitala dentro das vinte e catro horas seguintes ó comezo das obras, xustificando a razón da súa urxencia.

4. Cando se trate de apertura de prospeccións, a reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e a conta de quen se beneficiara dos mesmos. En garantía de que polo interesado se proceda á perfecta reparación daqueles, para poder tramitar a solicitude deberá acreditar ou ter constituída a correspondente fianza. Se a garantía constituída non fora suficiente para cubrir o montante das obras a executar, o interesado aboará a diferenza, conforme á conta que formule o técnico municipal. Non se devolverá a fianza constituída ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda índole.

5. Os Servicios Técnicos Municipais comunicarán ás dependencias encargadas da xestión tributaria, o prazo concedido para a utilización das prospeccións en cada caso. Se transcorrido o prazo autorizado, continuara aberta esta, ou non quedara totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novas taxas, de conformidade coa tarifa, sen prexuízo das sancións que puidieran imponerse pola Alcaldía.

6. Ó igual que se estableceu para o período impositivo, as solicitudes de baixa causarán efecto a partir do mes seguinte á data de presentación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente no IPC.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

As disposicións relativas ó Imposto sobre Actividades Económicas contidas na presente ordenanza (rueiros), seguirán manténdose independentemente da vixencia ou non do referido impostos

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día catro de setembro de 2003.

Foi modificada posteriormente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2004, 28 de xullo de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008. Entrará en vigor, logo da súa publicación no B.O.P., o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.